

# CONCURSO DE REDACCIÓN „WELTSPRACHE FUSSBALL”



O Departamento de Alemán da Escola Oficial de Idiomas convoca o **CONCURSO DE REDACCIÓN „WELTSPRACHE FUSSBALL”**, co gallo da celebración do mundial de fútbol Alemaña 2006 e coa exhibición neste centro da exposición fotográfica do mesmo nome.

1. PARTICIPANTES: Alumnado de EOI de todos os niveis e todos os idiomas, co requisito indispensable de estar matriculados e de realizar os textos en lingua alemá.
2. TEMA: A narración deberá estar baseada / inspirada nunha das fotos da exposición „Weltsprache Fußball”, que se exhibirá nos corredores da EOI entre o 20 e o 24 de marzo.
3. TIPO DE TEXTO: Narrativo, escrito a ordenador en tipo de letra Arial 12, con interlineado de 1,5 puntos, impreso en folio DIN A4. Deberá presentarse baixoseudónimo en sobre pechado con plica, na que se indiquen os seus datos persoais e o teléfono de contacto. Fóra do sobre deberá constar oseudónimo así como o nivel polo que concursa (inicial, intermedio, avanzado).
4. EXTENSIÓN: Os textos deberán ter unha extensión comprendida entre un mínimo de 100 palabras e un máximo de 350.
5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS: Entre o 20 e o 29 de marzo, ambos inclusive.
6. PREMIOS: Outorgaráanse tres premios, un por cada nivel, consistentes nun vale de ACOTES polo importe indicado:

Nivel inicial: alumnos de 1º curso. (30 Euros)

Nivel intermedio: alumnos de 2º e 3º. (40 Euros)

Nivel avanzado: alumnos de 4º, 5º e superior. (50 Euros)

7. XURADO: Estará formado polo profesorado do Departamento de Alemán. Valoraránse especialmente a orixinalidade e creatividade dos textos, primando de calquera xeito a súa comprensibilidade. Algún dos premios poderá quedar deserto se o xurado o considera oportuno. Tamén se poderán cambiar de categoría aqueles textos que se considera concursan por un nivel superior ao consignado no sobre.
8. A EOI de Santiago reserva o dereito de publicar e utilizar os textos premiados.
9. A ENTREGA DE PREMIOS farase no salón de actos o **xoves 6 de abril**, despois da proxección do filme „Das Wunder von Bern” (v.o.s. castelán)